

UN EWOK NO XARDÍN

PEDRO RAMOS



PREMIO EDEBÉ
DE LITERATURA
XUVENIL

rodeira

periscopio

UN EWOK NO XARDÍN

**PREMIO EDEBÉ
DE LITERATURA XUVENIL**

PEDRO RAMOS

UN EWOK NO XARDÍN

**PREMIO EDEBÉ
DE LITERATURA XUVENIL**



rodeira

Obra gañadora do Premio EDEBÉ de Literatura Xuvenil segundo o ditame do xurado composto por: Xavier Brines, Paula Jarrín, Óscar López, Rosa Navarro Durán e Care Santos. Actuou como secretaria do xurado a Elena Valencia.

Título orixinal: *Un ewok en el jardín*

© Pedro Ramos, 2022

© Tradución: Belén Rodríguez

© Ed. Gal.: Rodeira, 2022

Rúa Xosé Chao Rego, 8

15705 Santiago de Compostela (A Coruña)

www.edebe.com

Atención ao cliente: 902 444 441

contacta@edebe.net

Directora de Publicacións: Reina Duarte

Coordinación e produción editorial: Elisenda Vergés-Bo

Deseño da colección: Book & Look

Fotografía de cuberta: Warren Wong/Unsplash

Fotografía do autor: Alfonso Rego

1.^a edición, marzo 2022

ISBN: 978-84-8349-730-2

Depósito legal: B. 2208-2022

Printed in Spain

Impreso en España

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixíase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 45).

—Neste enderezo vive un Sombreireiro. E nestoutro vive unha Lebre de Marzo. Visita o que queiras: os dous están tolos.

—Pero é que a min non me chista tratar con xente tola —protestou Alicia.

—Oh, iso non o vas poder evitar, aquí todos estamos tolos. Eu estou tolo. Ti estás tola.

—Como sabes que eu estou tola? —preguntou Alicia.

—Telo que estar; se non o estiveses, non virías aquí.

LEWIS CARROLL, *Alicia no país das marabillas*

Irmanciño, que pasa? Quero que saibas que podes contar comigo. Aquí me tes, vale?

Velaquí a túa medio irmá. Algunha vez podías-me coller o teléfono, non si?

Son Zoe, chámame. Ou escíbeme unha mensaxe, porfa.

Ola?

David, dime que tal vai todo por aí.

Veña, non sexas orgulloso. Céntame como estás.

Falei con Carmen. Poderíamos falar?

Que é iso dos pensamentos escuros?, un buraco negro con dentes? Carmen está preocupada. Segues indo á terapia, verdade? Di Carmen que te volviches por así, non te estarás zafando?, tomas a medicación? Todo isto sóame coma se xa o vivísemos. DIME ALGO.

Z

Veña, David, non me sexas mamalón. Xa falamos dos efectos secundarios. Os beneficios son moitos, non che parece?

QT Z

Vergoña, de que? Carmen contoume o que pasou no insti. Síntome tan impotente. Imaxino o desesperado que estás, non te deixes vencer, David. Ti vales moito, de verdade. Es único. Se eu tivese a túa intelixencia... Fixeches algunha canción nova? Envíama. Estou desexando verte/escoitarte, pero confórmome con te ler. Aínda que sexan dúas liñas coma a última vez. Non sabes o que me alegraron.

Túa medio irmá, Zoe

Encantaríame estar aí contigo e que puidésemos ir todos xuntos cear.

Un bico, Zoe

Pero que dis? Non creo que non lle caias ben a ninguén. Onde está o David encantador que as traía rendidas a todas? Mira que non ligan os músicos. Carmen di que fuches ti quen deixou a Azu, é verdade? Seguro que as tes a moreas. Ven para aquí unha fin de semana, xa verás. As miñas amigas son un pouco grandes para ti, pero se cadra tamén teñen algunha irmá pequena. Anda, que ías ter ti problemas aquí.

Ganas de te ler,

Z

Non sexas tan perfeccionista, David. Esíxeste demasiado. Se marcas unhas metas tan altas, pódeste queimar. O insti, a música, o ximnasio... Comes ben? Carmen di que estás máis delgado. Estou de acordo con ela en que un can sería unha carga innecesaria. A min tamén me gustaría ter un, pero hai que os sacar a pasear tres veces ao día, ter cartos para o veterinario e limpar todo o que luxan na casa. Agora non podemos. Oxalá todo cambie e poida dicirche outra cousa.

Zoe

Carmen di que che suspenderon dúas, que din os profesores que tes problemas para te concentrar. É a nova medicación? Se ti non nos dis nada, que podemos facer? Nin nós nin eles.

Díxome Carmen que non saes do cuarto. Estás parvo ou que? Non volverás deixar de comer? E, se non saes, non me estraña que despois non teñas sono. Pero non a pagues con túa nai, que ela non che ten culpa. Que é o que che pasa? Escíbeme e cóntasmo. Non me sexas melodramático. Volviches con Azu?

Aquí Zoe desde o espazo exterior, está David?

Ola?

David, como puidiches...? Dixen no traballo que se amañen. Estou aí pasadomañá, tan pronto como solucione un asunto. O resto terá que esperar ou que busquen outra que faga o meu traballo.
Quérete,
Túa irmá Zoe.